

Máis información: A noite de San Xoán



Do 23 ao 24 de xuño celébrase a noite de San Xoán, e miles de cacharelas iluminan Galicia.

Din que é a noite máis máxica do ano. A xente xúntase arredor das fogueiras, e os mozos e mozas saltan por riba delas, intentando non queimarse, claro.

Hai moitas lendas e tradicións relacionadas con esta noite máxica. Estas son algunhas delas:

- Lavar a cara coa auga que se colle na fonte ao amencer, para estar ben guapo todo o ano. Tamén se pode deixar ao fresco unha bañeira coas herbas de San Xoán e un pouco de auga, para lavar a cara pola mañá con esa auga aromática.
- Colocar fiúncho nas portas e nas ventás da casa, para espantar as bruxas e os problemas.
- Ver «bailar o sol»; si, si, bailar. Disque no amencer de San Xoán o sol «baila». Por iso moita xente sobe a un monte ou a un penedo alto antes de que amañeza para poder contemplalo.

As herbas de San Xoán

As herbas máxicas de San Xoán son herbas e floriñas silvestres, das que se poden recoller en calquera monte galego, e sempre moi aromáticas. Estas son as máis típicas:



fiúncho



romeu



xesta



loureiro



fentos



lavanda